

## **REGULAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**Aprobado polo Consello de Goberno do 27/02/2023**

A Lei 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria, alén de derrogar o desfasado Decreto de disciplina académica de 8 de setembro de 1954, habilita e obriga ás universidades públicas a aprobaren as correspondentes normas de disciplina académica, dirixidas ao estudantado, e de convivencia, aplicábeis ao conxunto da comunidade universitaria.

Por razóns sistemáticas e na procura dunha maior clareza, ao seren diferentes os ámbitos de aplicación, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña decidiu dar cumprimento a ese mandato legal a través de dous regulamentos: un de disciplina académica e outro de convivencia universitaria.

Este regulamento de disciplina académica, estruturado en catro títulos, unha disposición transitoria, unha derogatoria e outraderradeira, ofrece un cadro normativo completo, eficaz e garantista, de aplicación ás faltas disciplinares cometidas polo alumnado, tipificando infraccións e sancións, regulando o procedemento e prevendo tamén medidas alternativas ás sancións e fórmulas de mediación compatíbeis coas funcións mediadoras que ten recoñecidas a Valedora Universitaria, derogando as Normas provisionais para a instrución e resolución dos expedientes disciplinarios abertos a estudantes da UDC, aprobadas no Consello de Goberno de 14 de abril de 2011.

### **TÍTULO I**

#### **ÁMBITO DE APLICACIÓN E PRINCIPIOS**

##### **Artigo 1. Ámbito de aplicación**

Este regulamento é de aplicación ao estudantado da Universidade da Coruña, entendendo por tal todas as persoas matriculadas en estudos conducentes á obtención de títulos propios ou oficiais da Universidade da Coruña, no Centro de Linguas, na Universidade Sénior ou en calquera outro centro ou actividade dependente ou organizada pola Universidade da Coruña.

##### **Artigo 2. Principios do procedemento disciplinar**

O procedemento disciplinar regulado nestas normas rexerase polos principios seguintes:

a) Non se poderá impor sanción ningunha sen a previa tramitación dun procedemento sancionador, no que estean separadas e encomendadas a órganos distintos a instrución e a sanción.

b) Suxeito aos principios de economía, celeridade e economía procedimental, os procedementos sancionadores serán tramitados con pleno respecto polos dereitos e garantías das persoas presuntamente responsábeis, que poderán actuar asistidas por unha persoa escollida por ela.

c) Os procedementos relativos a condutas que puidesen ser constitutivas de violencia, discriminación ou asedio sexual por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, características sexuais, orixe nacional, pertenza a un grupo étnico, idade, estado de saúde, clase social, relixión ou conviccións, lingua ou calquera outra condición persoal ou social axustaranse aos principios de enfoque de xénero, respecto por e protección da intimidade das persoas envolvidas, sxiilo e reserva, imparcialidade e prevención e prohibición de represalias de calquera natureza contra denunciante e testemuñas ben como tamén, en xeral, contra calquera outra persoa que interveña no procedemento.

### **Artigo 3. Potestade disciplinar**

De conformidade co disposto no artigo 102 dos Estatutos da Universidade, corresponde ao reitor o exercicio da potestade disciplinaria.

## **TÍTULO II**

### **PROCEDEMENTO**

#### **Artigo 3. Iniciación**

O procedemento iníciase de oficio por resolución da persoa titular da reitoría, por propia iniciativa, denuncia ou pedimento razoado doutros órganos.

A resolución de iniciación do procedemento disciplinar será notificada ás persoas interesadas e conterà, ao menos:

- O nomeamento da persoa instrutora.
- A identificación da persoa ou persoas presuntamente responsábeis
- A indicación do órgano competente para resolver o procedemento
- O recordatorio do dereito das persoas interesadas a formularen alegacións e ao trámite de audiencia
- Os feitos, a súa posíbel cualificación e a sanción que puidese corresponder
- O ofrecemento, de ser o caso, da mediación

#### **Artigo 4. Medidas Cautelares**

Antes da iniciación do procedemento sancionador, de conformidade co disposto nos artigos 21 da Lei 3/2022 e 56.2 da Lei 39/2015, o reitor poderá adoptar motivadamente as medidas cautelares que resulten imprescindíbeis e proporcionadas para a protección provisoria dos intereses en causa.

En calquera momento do procedemento a persoa titular do órgano competente para resolver poderá adoptar motivadamente, e previa audiencia das persoas interesadas, as medidas cautelares que estimar precisas para asegurar a eficacia da resolución.

#### **Artigo 5. Instrución**

1. A persoa instrutora, como primeira actuación, procederá a tomar declaración á persoa ou persoas presuntamente responsábeis.
2. As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días, contados a partir da recepción da notificación do acordo de incoación, para propor probas e achegar os documentos e alegacións que estimaren convenientes.
3. Á vista desas declaracións, alegacións e informacións ben como tamén, de ser o caso, das probas practicadas, a persoa instrutora realizará cantas actuacións resultaren precisas para a fixación e a comprobación dos feitos relevantes para a determinación da responsabilidade que, no seu caso, proceda.
4. A persoa instrutora poderá propor o arquivo do expediente se considera que non existen indicios de infracción ou se non fose posíbel determinar a identidade das persoas presuntamente responsábeis.
5. Concluídas as actuacións indicadas no parágrafo anterior, a persoa instrutora:
  - a) Remitirá o expediente á Comisión de Mediación se as partes manifestaran a súa vontade de se acolleren a ese procedemento.
  - b) En caso contrario, formulará o correspondente prego de cargos.
6. O prego de cargos incluírá os feitos imputados, as faltas presuntamente cometidas e as sancións propostas, pronunciándose tamén sobre o mantemento o levantamento das medidas cautelares adoptadas se for o caso.
7. O prego de cargos será notificado ás persoas presuntamente responsábeis que disporán dun prazo de dez días para formularen as alegacións, achegaren os documentos ou proporen as probas que teñan por convenientes.

8. Contestado o prego ou transcorrido sen contestación o prazo concedido ao efecto, a persoa instrutora acordará a práctica das probas que estimar oportunas e dará audiencia ás partes interesadas por un prazo de dez días.

9. Nos dez días seguintes, a persoa instrutora formulará a súa proposta de resolución que conterá unha fixación motivada dos feitos, con indicación expresa dos que se consideran probados, a súa cualificación xurídica, a determinación da infracción que se considera cometida, da persoas ou persoas responsábeis, da sanción que se propoña e dun pronunciamento sobre as medidas cautelares se for o caso.

10. A proposta de resolución será notificada ás persoas interesadas, que disporán dun prazo de dez días para alegaren canto consideren conveniente e achegaren a documentación que non puidesen ter aportado en trámites anteriores.

11. Finalizado o prazo de alegacións, a proposta será remitida ao órgano competente.

### **Artigo 6. Finalización**

1. Recibida a proposta, o órgano competente deberá ditar resolución motivada dentro do prazo de dez días ou devolvela á persoa instrutora para a práctica de novas dilixencias que resulten imprescindíbeis para a resolución.

2. Se a resolución cualificase os feitos como unha infracción máis grave ou impuxese unha sanción superior á proposta pola persoa instrutora, darase audiencia á persoa inculpada por prazo de quince días.

3. O procedemento disciplinar termina por resolución expresa, arquivo das actuacións, recoñecemento voluntario da responsabilidade, declaración de caducidade, desistimento ou imposibilidade material por causas sobrevindas.

### **Artigo 7. Procedemento simplificado**

1. De conformidade co disposto nos artigos 19 g) da Lei 3/2022 e 96.5 da Lei 39/2015, se a persoa instrutora apreciase a existencia de elementos suficientes para considerar que os feitos puidesen ser constitutivos dunha falta leve, poderá acordar a tramitación simplificada do procedemento disciplinar, que será notificada a todas as persoas interesadas.

2. Os procedementos simplificados deberán resolverse no prazo máximo de trinta días, contados desde a notificación do acordo de tramitación simplificada, e constarán en exclusiva dos seguintes trámites:

- a) Inicio do procedemento de oficio.
- b) Formulación do prego de cargos.
- c) Alegacións formuladas ao prego de cargos.
- d) Trámite de audiencia único para todas as persoas interesadas.
- e) Proposta de resolución.
- f) Resolución.

### **Artigo 8. Caducidade**

O prazo de caducidade é de seis meses para o procedemento ordinario e de tres meses para o simplificado.

## **TÍTULO III**

### **RÉXIME DAS FALTAS E SANCIÓN DISCIPLINARIAS DOS/AS ESTUDANTES**

#### **Artigo 9. Responsabilidade disciplinaria**

1. Os/as estudantes comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento responderán polas faltas tipificadas nos artigos 10, 11, 12 e 13 da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de Convivencia Universitaria que cometan nas instalacións, sistemas e espazos da Universidade da Coruña, incluídas as de natureza dixital, ou no curso das actividades organizadas pola Universidade ou nas que o estudantado participe na súa representación.
2. O estudantado que colaboraren na realización de actos ou condutas constitutivas de faltas tipificadas neste regulamento incorrerá tamén en responsabilidade disciplinaria.

#### **Artigo 10. Faltas disciplinarias**

1. As faltas disciplinarias deste regulamento cualifícanse como moi graves, graves e leves.
2. Considéranse faltas moi graves:
  - a) Realizar novatadas ou calquera outra conduta ou actuación vexatoria, física ou psicolóxicamente, que supoñan un grave menoscabo para a dignidade das persoas.

- b) Acosar ou exercer violencia grave contra calquera membro da comunidade universitaria.
- c) Acosar sexualmente ou por razón de sexo. Estas condutas serán interpretadas conforme ao artigo 7 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- d) Discriminar por razón de sexo, orientación sexual, identidade de xénero, orixe nacional, pertenza a grupo étnico, idade, clase social, discapacidade, estado de saúde, relixión ou crenzas, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- e) Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos ou aplicacións e sistemas informáticos da Universidade, así como utilizar documentos ou declaracións falsos ante a universidade.
- f) Destruír e deteriorar de maneira irreparable ou subtraer obras catalogadas do patrimonio histórico e cultural da universidade.
- g) Plaxiar total ou parcialmente una obra ou cometer fraude académica en Traballo de Fin de Grao, Traballo de Fin de Máster ou Tese de Doutoramento.
- h) Incumprir as normas de saúde pública establecidas para os centros universitarios, as súas instalacións e servizos, poñendo en risco á súa comunidade universitaria.
- i) Suplantar a un membro da comunidade universitaria no seu labor propio ou prestar o consentimento para ser suplantado, en relación coas actividades universitarias.
- j) Impedir o desenvolvemento dos procesos electorais da universidade.
- k) Incumprir as normas de uso das TIC afectando á seguranza dos servizos fornecidos pola Universidade.
- l) Ter sido condenado, por sentenza firme, pola comisión dun delito doloso que supoña a afectación dun ben xurídico distinto, cometido nos centros universitarios, as súas instalacións e servizos ou relacionado coa actividade académica da universidade.

### 3. Considéranse faltas graves:

- a) Realizar novatadas ou calquera outra conduta ou actuación vexatoria, física ou psicolxicamente, que menoscaben a dignidade das persoas, cando non constitúa falta moi grave.

- b) Acosar ou exercer violencia contra calquera membro da comunidade universitaria, cando non constitúa falta moi grave.
- c) Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.
- d) Deteriorar gravemente os bens catalogados do patrimonio histórico e cultural da universidade.
- e) Impedir a celebración de actividades de docencia, investigación ou transferencia do coñecemento, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos no artigo 3 da Lei de Convivencia Universitaria.
- f) Cometer fraude académica, cando non constitúa falta moi grave.
- g) Utilizar indebidamente contidos ou medios de reprodución e gravación das actividades universitarias suxeitas a dereitos de propiedade intelectual.
- h) Incumprir as normas de seguridade e saúde establecidas polos centros universitarios e as súas instalacións e servizos, cando non constitúa falta moi grave.
- i) Acceder sen a debida autorización aos sistemas informáticos da universidade.

#### 4. Considéranse faltas leves:

- a) Acceder a instalacións universitarias ás que non se teña autorizado o acceso.
- b) Utilizar os servizos universitarios incumprindo os requisitos establecidos de xeral coñecemento.
- c) Realizar actos que deterioreen os bens do patrimonio da universidade.

5. De conformidade co disposto no artigo 11.g) da Lei de Convivencia Universitaria enténdese como fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alieo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico.

### **Artigo 11. Sancións disciplinarias**

- 1. As sancións disciplinarias deste regulamento clasifícanse en moi graves, graves e leves.
- 2. A gravidade da falta cometida determinará as sancións que resulten aplicables.



3. Son sancións aplicables pola comisión de faltas moi graves:

- a) Expulsión de dous meses até tres anos da Universidade. Esta sanción deberá constar no expediente académico até o seu total cumprimento.
- b) Perda de dereitos de matrícula, durante un curso ou cuatrimestre académico.

4. Son sancións aplicables pola comisión de faltas graves:

- a) Expulsión de até un mes da Universidade. Esta sanción non se poderá aplicar durante os períodos de matriculación e de avaliación final ou segunda oportunidade do curso académico, previstos no calendario académico da universidade
- b) Perda do dereito á primeira oportunidade do cuatrimestre académico no que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Esta convocatoria constará como “non presentado/a” no expediente académico.

A perda dos dereitos de matrícula non poderá afectar aos dereitos relativos ás bolsas nos termos previstos na súa normativa de desenvolvemento e nas súas convocatorias.

5. A amoestación privada é a sanción aplicable pola comisión de faltas leves.

## **Artigo 12. Medidas substitutivas de carácter educativo ou recuperador**

1. Establécense como medidas substitutivas das sancións aplicables pola comisión de faltas graves a participación ou colaboración do/a estudante sancionado/a en actividades formativas, culturais, de saúde pública, deportivas, de extensión universitaria e de relacións institucionais, e outras similares das que sexa responsable a Universidade. Por medio dunha resolución reitoral aprobarase un catálogo destas medidas substitutivas.

2. As medidas substitutivas non poderán consistir no desempeño de funcións e tarefas asignadas ao persoal da Universidade da Coruña.

3. A duración das medidas substitutivas fixarase atendendo ao principio de proporcionalidade, sen que poida ser superior a un cuatrimestre académico.

4. O instructor do procedemento disciplinario poderá propoñer ás partes afectadas a substitución da sanción correspondente a unha infracción grave por algunha das medidas previstas no apartado 1 cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a persoa sancionada recoñeza a súa responsabilidade



- b) Que se garantan plenamente os dereitos da persoa ou persoas afectadas.
  - c) Que exista conformidade da persoa ou persoas afectadas pola infracción e da persoa infractora, e quede debidamente acreditado.
  - d) Que, cando resulte procedente, a persoa ou persoas responsables teñan mostrado a súa disposición para restaurar a relación coa ou coas persoas afectadas pola infracción e esta quede debidamente acreditada. Esta restauración facilitarase sempre que a persoa ou persoas afectadas presten o seu consentimento de maneira expresa.
5. A medida substitutiva da sanción que se propoña terá que estar orientada á máxima reparación posible do dano causado. Na resolución sancionadora deberanse recoller mecanismos que garantan o seu efectivo cumprimento.

### **Artigo 13. Gradación das sancións**

O reitor ou reitora concretará a sanción dentro da súa gravidade adecuándoa ao caso concreto, sempre de forma motivada, segundo o principio de proporcionalidade e ponderando de conformidade cos seguintes criterios:

- a) A intencionalidade
- b) A reiteración
- c) A natureza dos prexuízos causados
- d) O ánimo de lucro
- e) O recoñecemento da responsabilidade, mediante a comunicación do feito infractor ás autoridades da Universidade da Coruña con carácter previo á iniciación do procedemento disciplinario
- f) A reparación do dano con carácter previo á iniciación do procedemento disciplinario
- g) As circunstancias persoais, económicas, de saúde, familiares ou sociais da persoa infractora
- h) O grao de participación nos feitos
- i) A realización de accións por calquera das causas de violencia, discriminación ou acoso referidas no artigo 3.2.c) da Lei de Convivencia Universitaria.

## **Artigo 14. Medidas accesorias**

1. Ademais da imposición das sancións que en cada caso correspondan, a resolución do procedemento disciplinario poderá declarar a obriga, no prazo que se fixe, de:

- a) Restituír as cousas ou repoñelas ao seu estado anterior.
- b) Indemnizar os danos por contía igual ao valor dos bens destruídos ou o deterioro causado, así como os prexuízos ocasionados.

2. As indemnizacións que se determinen terán natureza de créditos de Dereito público da Universidade da Coruña e o seu importe poderá ser exixido ao/á estudante sancionado/a polo procedemento de constrinximento.

## **Artigo 15. Prohibición de concorrencia de sancións**

No se poderá impo  
r unha sanción disciplinaria aos/ás estudantes por feitos polos que previamente teñan sido sancionados penal ou administrativamente cando se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

## **Artigo 16. Extinción da responsabilidade**

1. A responsabilidade disciplinaria dos/as estudantes quedará extinguida por:

- a) O cumprimento da sanción ou, de ser o caso, da medida substitutiva
- b) A prescrición da falta ou da sanción
- c) A perda da vinculación do/a estudante coa Universidade da Coruña
- d) O falecemento da persoa responsable

2. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses. As sancións impostas por faltas moi graves, por faltas graves e por faltas leves prescribirán, respectivamente, aos tres anos, aos dous anos e ao ano.

3. O prazo de prescrición das faltas comezará a contarse a partir da súa comisión, ou do día no que cese a súa comisión cando se trate de faltas continuadas. O prazo de prescrición das sancións iniciárase desde a firmeza da resolución sancionadora.

4. A cancelación dos antecedentes das persoas sancionadas producirase aos tres meses para as sancións leves, seis meses para as graves e un ano para as moi graves. Estes prazos serán desde o total cumprimento da sanción.

## **TÍTULO IV**

### **MEDIOS ALTERNATIVOS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

#### **Artigo 17. Comisión de Convivencia**

1. O Claustro designará os membros da Comisión de Convivencia integrada por tres membros do colectivo de estudantes, tres do persoal de administración e servizos e tres do persoal docente e investigador, xunto con cadanseus suplentes, asegurando unha representación igualitaria de mulleres e de homes. A duración do mandato será de catro anos para os membros do persoal de administración e servizos e máis do persoal docente e investigador, e de dous para os membros do estudantado.

2. A Comisión adoptará os seus acordos por maioría absoluta de votos da que debe facer parte, ao menos, un voto emitido por unha persoa representante de cada un dos tres colectivos que integran a comunidade universitaria.

3. Os membros desta comisión, que non poderán ostentar cargo académico ou representativo, deben absterse e poden ser recusados de conformidade co disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Artigo 18. Do procedemento de mediación**

1. Sen prexuízo das funcións de mediación recoñecidas á Valedora Universitaria naqueles asuntos sobre os que non se iniciase un procedemento sancionador, a Comisión de Mediación coñecerá das solicitudes de mediación formuladas voluntariamente polas persoas interesadas ou afectadas, que lle sexan remitidas polo órgano instrutor unha vez concluída, de ser o caso, a práctica das probas.

2. Non poden ser obxecto de mediación os procedementos iniciados por falta moi grave.

3. Admitida a trámite a solicitude de mediación, a Comisión de Convivencia nomeará un/unha mediador/a. A admisión a trámite da solicitude de mediación suspende os prazos de caducidade do procedemento, e de prescrición e das infraccións. Esta suspensión manterase en tanto dure a mediación, que non poderá prolongarse por un período superior a dous meses.

4. O acordo adoptado polas partes a través da mediación terá carácter confidencial, deberá constar por escrito e será asinado polas partes. A Comisión comunicará ao instrutor do procedemento a circunstancia de ser ter alcanzado

un acordo a fin de que esta comunicación se incorpore ao expediente, que deberá ser arquivado para o caso de que o acordo de mediación sexa total. Se fose parcial ou non se alcanzase acordo ningún, o procedemento continuará respecto das cuestións non resolvidas.

### **Disposición Transitoria**

Os procedementos sancionadores que estean iniciados na data de entrada en vigor do presente regulamento continuarán a súa tramitación até a súa resolución segundo o disposto na normativa vixente no momento da súa incoación.

### **Disposición derogatoria**

A partir da entrada en vigor deste regulamento fican derogadas as Normas provisionais para a instrución e resolución dos expedientes disciplinarios abertos a estudantes da UDC, aprobadas no Consello de Goberno de 14 de abril de 2011.

### **Disposición final**

Este Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade.